

## MESA SECTORIAL

05/03/2024

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE DE CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DE ITINERARIOS FORMATIVOS PARA A MELLORA DA SÚA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA E COMUNICATIVA, REALTIVOS AO PROGRAMA INTEGRAL DE APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS (PIALE) PARA O ANO 2024.

Demandar que tras o paso da Orde pola Mesa Sectorial, como é perceptivo, se publique unha corrección de erros e se abra un novo prazo de presentación de solicitudes.

Entrando no texto da Orde:

No artigo 2 demandamos que se amplíe a duración en número de horas de cada unha das fases das distintas modalidades xa que consideramos que non son suficientes as que establece a orde.



No artigo 5 consideramos que debería valorarse a opción de incluír estadías en Irlanda e menos no Reino Unido (que non é un país da Unión Europea) para tratar de minimizar os problemas que tiveron lugar en anos pasados. Nesta liña demandamos tamén información sobre os problemas xurdidos na convocatoria pasada en Francia e Canadá. Consideramos que a xestión do programa debería ser directa por parte da Consellería e non a través dalgunha empresa para evitar que se repitan sistematicamente os problemas de xestión. **A Administración resposta que con respecto a Irlanda valorouse a opción pero supón un sobrecusto importante motivado polos aloxamentos.**

Neste artigo 5 debe incluírse tamén a posibilidade de participación do profesorado interino e **volver incluírse a oferta para profesorado de EOI xa que é o profesorado que se adica única e exclusivamente á ensinanza de idiomas** e que ademais forma á maioría do profesorado que imparte CLIL na ESO e Bacharelato, polo que non ten sentido que queden fora desta convocatoria. **A Administración resposta que para EOI debería haber unha formación máis específica e que este non debe ser o modelo. Estase a traballar nesa formación específica.** Ante esta resposta, ANPE demanda que se manteña a participación no PIALE para este profesorado mentres non se cree esa formación específica.

Deben ofertarse prazas de italiano e de portugués. **A Administración resposta que é un problema de licitación xa que as empresas non ofertan este tipo de destinos.**



No artigo 7, desde ANPE Galicia consideramos que debería darse prioridade ás persoas que nunca puideron participar no programa. **A Administración resposta que iso é precisamente o que buscan.** Con respecto a establecer como requisito mínimo ter un nivel B2 desde ANPE consideramos que é elevado e debería establecer como requisito mínimo ter un nivel B1 xa que son as persoas que máis poden necesitar este tipo de formación. **A Administración resposta que co nivel B1 non se alcanza o nivel de aproveitamento da formación que persigue o programa.**

## MESA SECTORIAL

05/03/2024

En relación ao artigo 9 denunciámos que hai unha redución de orzamento de máis do 10% con respecto ao curso pasado. Demandamos que se cubra todo o orzamento e non queden prazas desertas acumulando as que poidan quedar vacantes a outras modalidades establecendo unha serie de criterios para dita acumulación. **A Administración estudará establecer unha serie de criterios para acumular as prazas vacantes.**

No artigo 15 seguimos demandando que forme parte da comisión de selección persoal técnico con competencias nos idiomas correspondentes.

En relación ás renuncias demandamos coñecer que entende a Administración por causa xustificada de forza maior e consideramos que 5 anos de penalización sen poder volver a participar no caso de renuncia sen causa xustificada é moi elevada. Solicitamos unha redución. **A Administración resposta que teñen establecida unha consecuencia “severa” para disuadir a renuncias de última hora por motivos pouco xustificadas e que supoñen un coste importante para a Administración.**

**Debe incluírse no texto da Orde que o profesorado participante no programa PIALE estará exento de formar parte dos tribunais de oposicións. A Administración acepta esta proposta.**

En relación ao baremo demandamos que se equilibre a puntuación. Non consideramos axeitado que se asigne practicamente a mesma puntuación a impartir cursos que a recibilos (sempre debe primar a impartición). No apartado 1 debemos ir a un máximo de 6 puntos. No apartado 2.1 debemos ir a un máximo de 4 puntos. No apartado 2.2 debemos ir a un máximo de 4,5 puntos. No apartado 2.4 debería baixarse a puntuación máxima a 3 puntos para primar a persoas que nunca participaron.



No Anexo IV dentro da modalidade 1 demandamos que se suba o número de prazas de 5 a 10 nos apartados 1, 2 5 e 6. Na modalidade 2 demandamos que se suba o número de prazas de 45 a 50 nos apartados 8, 9 e 10

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E SOLICITUDES.

- **ANPE demanda, como fixo por escrito, que se recoñeza administrativa e economicamente o cargo de Coordinador/a de programas internacionais nos IES como se fai nos CIFP. Fan o mesmo traballo e non é recoñecido, o que supón un agravio compartivo que xurde de que nos IES este cargo non ten unha denominación homoxénea e acorde á normativa que sí permite a súa valoración nos CIFP. Nesta mesma liña deben valorarse absolutamente todas as coordinacións, non so administrativamente senón tamén con efectos económicos.**
- ANPE demanda a presenza da Subdirectora Xeral de Formación Profesional para aclarar a situación derivada do envío dun borrador por parte do Ministerio de Educación.
- **ANPE denuncia a premura e a presión á que se lle está a someter ao profesorado no tema da acreditación da competencia dixital do alumnado.** Vai en contra da redución da burocracia e supón unha premura que é totalmente innecesaria

**MESA SECTORIAL****05/03/2024**

cando a propia a Administración leva con calma a acreditación da competencia dixital docente.

- ANPE demanda que se estableza unha redución de horario lectivo claro e preciso para as coordinacións EDIXGAL en función das circunstancias de cada centro xa que en cada un dos centros educativos se fai dunha forma diferente.
- **ANPE denuncia que certa organización sindical** enviase un correo masivo a todo o profesorado informando dun “suposto compromiso” da administración de estudar un “concurso” para o profesorado de relixión cando non se alcanzou dito compromiso. **Desde ANPE Galicia levamos anos demandando un “concurso” para funcionarios con destino provisional e se, realmente se vai negociar para outros colectivos, insistimos en negocialo para TODOS.**

